



INFORME DA PORCENTAXES DE SUPERACIÓN DE MATERIAS DO GRAO EN BIOTECNOLOXÍA DA USC

Curso Académico: 2020-2021

**Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Biotecnoloxía o 17/03/2022
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o 24/03/2022**

Introducción

p. 3

Resultados

p. 3

Introdución

O Grao en Biotecnoloxía da USC comezou a impartirse na Facultade de Bioloxía no curso 2018/19. No curso 2020/21 impartíronse primeiro, segundo e terceiro curso.

No curso 2018/19 accederon ao grao 50 alumnos/as con notas de corte da proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) de 12,024, no curso 2019/20 accederon 59 alumnos/as con notas de corte da ABAU de 12,34 e no curso 2020/21 accederon 56 alumnos/as con notas de corte da ABAU de 12,75, polo que se espera que os resultados nas distintas materias sexan entre bons e excelentes.

Resultados

A media de alumnos/as matriculados/as que superan en cada convocatoria (incluíndo as dúas oportunidades) as materias do Grao das que se matriculan foi do 92%, e esta media é similar á do curso anterior.

Se aumentamos o nivel de detalle podemos observar as porcentaxes de superación das materias para cada curso académico e curso do Grao.

A media de alumnos/as matriculados/as que superaron as materias do primeiro curso foi, no curso 2020/21, do 88%. So unha materia (Fundamentos de Procesos Biolóxicos) presentan porcentaxes de superación por debaixo do percentil do 10% (Táboa 1.); nesta materia a porcentaxe de alumnos/as que a superaron descendeu en 15 puntos porcentuais respecto aos resultados do curso 2019/20 (Táboa 1).

	Matemáticas	Física	Química	Bioloxía celular	Bioestatística e deseño experimental	Técnicas analíticas e instrumentais	Bioloxía do desenvolvemento e dos tecidos e procesos biolóxicos	Fundamentos de procesos biolóxicos	Microbioloxía I	Termodinámica e cinética química	media pond. curso
2018/2019	90%	86%	80%	82%	96%	90%	80%	68%	86%	78%	84%
2019/2020	93%	88%	93%	84%	93%	95%	93%	90%	97%	93%	92%
2020/2021	84%	89%	100%	86%	92%	98%	85%	75%	82%	85%	88%
Media	89%	88%	91%	84%	94%	94%	86%	78%	88%	85%	88%
E.E.	2%	0%	3%	1%	1%	1%	2%	4%	3%	3%	1%

Táboa 1. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do primeiro curso do Grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do Grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos/as que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama

vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiú.

Os resultados da maioría das materias de segundo curso (Táboa 2) son moi bons, xa que, excepto en Bioquímica II, as porcentaxes de superación son superiores ao 86% (Táboa 2). Bioquímica II presenta una porcentaxe de superación por debaixo do percentil do 10% e a porcentaxe de alumnos/as que a superaron descendeu en 13 puntos porcentuais respecto aos resultados do curso 2019/20.

	Bioquímica I	Fisioloxía	Bioquímica II	Transporte de fluidos e transmisión de calor	Microbioloxía II	Xenética I	Fisioloxía Vexetal I	Enxeñaría Xenética	Inmunoloxía	Xenética II	mediapond. curso
2019/2020	100%	100%	100%	85%	100%	100%	97%	100%	100%	100%	98%
2020/2021	96%	91%	77%	90%	88%	91%	86%	86%	98%	94%	90%
Media	98%	95%	89%	87%	94%	95%	91%	93%	99%	97%	94%
E.E.	1%	2%	6%	1%	3%	2%	3%	4%	0%	1%	2%

Táboa 2. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias do segundo curso do Grao e nos cursos impartidos. Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias en cada curso do Grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos/as que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos/as que superan as materias para o total de todas as materias do Grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiú.

Os resultados das materias de terceiro curso (Táboa 3) son excelentes; a metade das materias foron superadas por todo o alumnado e, nas seis restantes, a porcentaxe de superación é superior ao 92%.

	Bioinformática	Transferencia de materia	Cultivos celulares e enxeñaría tisular	Control de calidad	Biotecnoloxía vexetal	Biotecnoloxía animal	Biorreactores	Biotecnoloxía dos alimentos	Biotecnoloxía microbiana	Biotecnoloxía ambiental	Estrutura e enxeñaría das proteínas	Proteómica e metabolómica	media pond. curso
2020/2021	100%	100%	93%	92%	97%	100%	100%	98%	95%	100%	100%	97%	98%

Táboa 3. Porcentaxe de alumnos/as que superan as diferentes materias de terceiro curso do Grao.